



NOVA NORMATIVA SOBRE O USO DO MÓBIL E APARELLOS ELECTRÓNICOS NO IES SAN TOME DE FREIXEIRO APROBADA EN CONSELLO ESCOLAR

Ante a problemática xurdida nos centros a propia Xunta de Galicia no seu artigo 19.4 do Decreto 8/2015 estableceu “**Así mesmo, prohibese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos** como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica”.

A reiteración dos problemas ocasionados no instituto polo uso inadecuado por parte do alumnado, tanto nos períodos lectivos como non lectivos, motivou que o profesorado pensara na necesidade de prohibilos no recinto do instituto durante toda a xornada escolar. Esta proposta será presentada ao Consello Escolar do centro, para a súa inclusión nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC).

Esta nova normativa, redáctase do xeito seguinte:

1. Non está permitido ter o móbil ou outros aparatos electrónicos acesos en todo o recinto escolar a partir do portal de entrada ao mesmo. Ditos dispositivos, deberán estar correctamente apagados e gardados, non quedando visibles baixo ningunha circunstancia. O profesorado non fará uso do móbil durante as súas sesións lectivas, nin nas aulas nin nos corredores, salvo con fins pedagóxicos.
2. Se nalgunha materia por imperativo do currículo fora imprescindible o uso destes dispositivos como ferramenta de traballo, deberá estar reflectido na programación e o profesorado pertinente deberá sinalar o procedemento de uso e vixiar o seu cumprimento en todo momento, sendo responsable das consecuencias do mal uso.
3. O IES Santo Tomé de Freixeiro non se fará responsable das perdas ou subtraccións que dos mesmos puideran producirse, sendo o propietario o único responsable.
4. Os teléfonos móbiles, cámaras de fotos, aparatos reprodutores de música tipo MP3 ou similares que incumpran o primeiro punto ou sexan utilizados no Centro, serán recollidos por Xefatura de Estudos e devoltos ao día seguinte aos seus propietarios/as se son maiores de idade ou aos pais/nais ou titores/as cando estes veñan a recollelo se son menores de idade. O alumno/ recibirá unha amoestación.
5. Reincidencia na falta anterior:
 - Na primeira reincidencia, recibirá unha amoestación e será expulsado do centro durante un día.
 - Se é a segunda reincidencia, recibirá unha amoestación e será expulsado do centro durante dous días.
 - Se é a terceira reincidencia, recibirá unha amoestación e será expulsado do centro durante tres días.
 - Se aínda así reincide unha vez máis abrirase un procedemento corrector disciplinario, debido á acumulación de faltas leves.
6. No caso de que algún membro da comunidade educativa fora obxecto de fotografías ou gravacións non consentidas, o Centro poderá poñer os feitos en coñecemento das autoridades pertinentes, ademais de aplicar as correccións correspondentes ás condutas contrarias ás normas de convivencia do centro.
7. Durante as actividades complementarias ou extraescolares realizadas fóra do Centro poderán usarse os teléfonos móbiles e outros aparatos electrónicos unicamente se o autoriza o profesorado responsable da actividade.
8. Se un alumno necesitara facer unha chamada urxente comunicarao ao profesor, quen, tras valorar a situación, autorizará ao alumno a acudir a Conserxería para realizar dita chamada.